

## **RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DE 26 DE SETEMBRO DE 2005**

### **2.- Solicitudes de licencias de obras**

#### **FAVORABLES.**

**882/03.- Gas Natural.**- Extensión de rede de ARM de gas natural en APA para suministro a Gas Galicia dende o Polígono do Tambre.-

**1826/05.- Promociones Fernández Taboada, S.L.**- Derruba na R/ Xeral Pardiñas núm.4.-

**1722/02.- Hotelaría Mochima, S.L.**- Rehabilitación edificación sita no Cantón de San Bieito núm.6.-

**159/05.- Urbis, S.A., Inmobiliaria.**- Edificio (45 apartamentos e vivendas) nas parcelas M2A e M2B en Sta Marta de Abaixo, SUP-6 de Sta Marta.-

#### **PRÓRROGA.**

**1643/05.- Menciñeiro, S.L.**- Rehabilitación na R/ San Bieito núm. 2,3 (+).-

#### **RECURSOS REPOSICIÓN.**

**352/05.- Isabel Rodríguez Fraga.**- Parcelación urbanística da parcela existente no Lugar de Casas Novas (D).-

#### **PARCELACIONES.**

**611/05.- José Antonio Rozas Losada.**- Parcela sita en Casas da Hedra núm.2 (D).-

### **3.- Proposta do Concelleiro Delegado de Urbanismo relativa á entrega de parcela no SUP-6 Santa Marta en execución do convenio de mutuo acordo asinado con SOS CUETARA S.A., no expediente de expropiación e obtención dos terreos para a construcción da nova variante entre a Avenida de Lugo (N-550) e Ponte Pedriña (N.525) no ámbito do PE-11.**

Acórdase entregar a SOS CUETARA SA a parcela M11.C do proxecto de reparcelación do polígono único do Plan parcial do solo urbanizábel programado número 6, en pago do prezo xusto aprobado por mutuo acordo na sesión do pleno do 31 de xullo de 2003.

### **4.- Proposta do Concelleiro Delegado de Urbanismo relativa á aprobación inicial dos proxectos de Estatutos e Bases de actuación do polígono único do solo urbanizable non programado número 25 (SUNP-25) de Roxos.**

Apróbanse inicialmente os devanditos proxectos.

### **7.- Revisión de IPC do contrato de prestación do servizo de vixilancia do Estadio de San Lázaro.**

Transcorrido un ano desde o inicio do servizo procédese á revisión solicitada, que segundo a variación do IPC polo período maio/04 a maio/05 ascende a 3,10%, quedando establecido o prezo do contrato en 92.790 euros, IVE incluído/ao ano ao 7.732,50 euros/mes, desde o 11 de xuño de 2005 e meses sucesivos.

**8.- Proposta do Concelleiro Delegado de Tráfico relativa á aprobación do prego e inicio do expediente de contratación do subministro e instalación de barreiras de contención de vehículos en distintas zonas do termo municipal.**

Acórdase aprobar o prego de cláusulas, así como o inicio do expediente para a citada contratación por procedemento negociado sen publicidade, establecéndose unha licitación de 17.030,69 euros, IVE incluído.

**9.- Proposta do Concelleiro Delegado de Infraestruturas relativa á aprobación dos estatutos da comunidade de usuarios e modelo de contrato de cesión de prazas do aparcamento subterráneo da Praza Roxa.**

Acórdase aprobar os citados estatutos e o modelo de contrato de referencia, documentos que rexerán as relacións cos propietarios dos dereitos de uso das prazas de aparcamento.

**10.- Proposta da Concelleira Delegada de Centros Socioculturais relativa á adxudicación da asistencia técnica para a redacción do proxecto básico e de execución das obras de reforma do centro social de Figueiras.**

Axdudícase a asistencia técnica de referencia á empresa TALIESEN ARQUITECTOS SL por importe de 9.015 euros, IVE incluído.

**11.- Proposta do Concelleiro Delegado de Deportes relativa á concesión do uso gratuíto do pavillón de Santa Isabel para a celebración dunhas xornadas.**

Acórdase conceder con carácter gratuíto o uso do devandito pavillón o día 1 de outubro de 2005 á Concellería de Emigración e Inmigración para desenvolver os actos correspondentes ás xornadas indicadas.

**12.-Proposta do Concelleiro Delegado de Turismo relativa á aprobación dos gastos do Plano de competitividade turística.**

Acórdase aprobar os gastos xustificados por INCOLSA dentro do Plano de Competitividade Turística 2005 por importe de 229.877,45 euros.

**13.- Ratificación do Decreto da Concellería de Persoal de data 19 de setembro de 2005 relativo á contratación dun operario no refuxio de animais de Bando.**

Acórdase contratar, a tempo parcial con carácter interino, a Francisco Javier Sánchez López como operario no refuxio de animais de Bando, en substitución de Agustín Alcalde Lorenzo, durante os días de disfrute das súas vacacións, desde o 22 ao 30 de setembro de 2005.